

# **XIII CERTAME DE DEBUXO, CONTO e RELATO “FALANDO DE SOLIDARIEDADE”**

Convocado polo CEIP Padre Crespo de Xunqueira de Ambía

*En memoria de Celtia e Eva*

Nos centros educativos atopámonos co difícil reto de fomentar unha serie de valores que en moitos casos van contracorrente nunha sociedade cada vez máis distante dos mesmos.

Non atopamos un mellor xeito de exemplificalos e levalos á práctica que a través da perspectiva das nosas alumnas e alumnos, protagonistas fundamentais do sistema educativo e futuros piares da sociedade. Para isto, terán que, dacordo coas súas idades e posibilidades, expresarse mediante un debuxo, contándonos algún conto ou narrándonos pequenas historias que nos falen de solidariedade e aqueles valores que xiran arredor do seu significado: axuda, apoio, amizade, respecto, integración, colaboración, compañeirismo, igualdade...

## **Temática: “Historias solidarias no tempo das vagas de lumes”**

Nesta décimo terceira edición do certame queremos facer reflexionar a toda a comunidade educativa sobre a problemática do lume, que ano tras ano arrasa os nosos montes.

No 2025 ardeu case o 15% da superficie da provincia de Ourense, convertendo, unha vez máis, boa parte do noso territorio nun deserto negro. O lume, ademais do terrible impacto ecolóxico, levouse por diante casas, granxas, explotacións agrícolas... e as pertenzas, recordos e os soños de moita xente. Deixonos en troques, unha paisaxe desoladora que tardará moitos anos en recuperarse.

Vemos con fonda preocupación como a prevención e coidado dos nosos montes deixa moito que desexar. A despoboación, o abandono do rural e das súas formas de vida tradicionais, xuntamente co cambio climático, contribúen a acentuar os perigos.

Consideramos imprescindible que dende os centros educativos traballemos en prol dunha clara concienciación de cara á conservación e coidado do noso medio natural, sabendo que a man do ser humano está detrás da maior parte dos lumes...

Nos tempos que nos tocan vivir, temos moito que andar para chegar a un uso racional dos recursos, o respecto pola natureza e para posta en valor do mundo rural, con todo o que isto implica.

Por outra banda, temos que destacar a labor de bombeiros, axentes forestais, corpos de seguridade... Non podemos esquecer que moitas veces poñen en perigo as súas propias vidas para loitar contra o lume.

Mais o noso principal recoñecemento debe ir para toda a xente voluntaria e a veciñanza que loitou ata o final. O espírito de Angrois, do que tanto falamos neste certame, segue vivo. Ante calquera desgraza o ser humano é capaz de sacar a súa mellor cara.

Para o XIII Certame **os debuxos, contos, relatos, poemas ou ensaios, ademais das fotos, presentacións ou vídeos, versarán sobre todo o que supón o lume verán tras verán para as nosas vidas, para o noso medio natural...**

Queremos espertar conciencias falando sobre un tema ben complicado, en moitos casos silenciado e soamente visibilizado cando o lume xa está aí. Logo se esquece todo, aínda que a ferida, o deserto negro, nos acompañe durante moito moito tempo.

Que podemos contar....

Queremos recoller historias solidarias de heroes e heroínas, de veciños e veciñas, daquelas persoas do ámbito e do tempo que sexa... que contribuíron e contribúen anonimamente a mellorar a vida dos demais, a axudar sen condicións nin condicionantes.

Queremos que faledes de sentimentos e pesares, da desgraza ou a esperanza, de esforzos e ilusións... que o lume deixou en cinsas.

Como pensas que te sentirías se de súpeto che tocara a ti, que o lume arrasara a túa aldea, a dos teus avós... Temos ou tivemos alguén cocñecido que pasara por algo así...?

Quen está detrás do negocio do lume?

Como é posible que os incendios sexan intencionados?

A finalidade é que reflexionedes sobre o tipo de sociedade na que vivimos, na que as desigualdades sociais son cada vez son maiores e as súas consecuencias están contribuindo a afondar a fenda social dos colectivos máis desprotexidos e dá a sensación, que miramos de esguello a quen ten ou vive con dificultades, a quen é diferente, a quen ten unha discapacidade. Semella que ante un conflito novo acontecemento axiña pasamos páxina e nos centramos no inmediato... que axiña esquecemos as dificultades doutros pobos, doutra xente...

Que esperta en nós a solidariedade?

Pechamos os ollos a “certas realidades” cando non nos afecta directamente?

Somos realmente conscientes de que tamén nos pode “tocar”?

Por que non empezamos a “conxugar” a solidariedade?

Seguro que atopas algunha causa...

## **BASES DO CONCURSO:**

1. Poderán participar rapaces e rapazas en idade escolar, dende Educación Infantil ata Bacharelato e alumnado da EPA e da ESA, que presenten obras orixinais e inéditas en **galego\***. O xurado valorizará a orixinalidade artística e literaria, a riqueza lingüística e a corrección gramatical acordes ás categorías.

\* Nos casos de familias que acaban de chegar a Galicia ou familias de acollida estranxeiras, aceptaranse os seus textos no idioma propio ou nun segundo idioma no que sexan capaces de expresarse, que posteriormente traduciremos ao galego.

### **2. Establécense diferentes categorías:**

-Alumnado de **Educación Infantil**: debuxos con ou sen texto presentados nos folios oficiais a tal efecto.

-Alumnado de **1º e 2º de Primaria**: debuxos con ou sen texto presentados nos folios oficiais a tal efecto.

Nestas dúas categorías, os debuxos deberán vir acompañados dunha pequena explicación da obra pola parte traseira do folio para unha mellor interpretación e valoración dos traballos presentados.

-Alumnado de **3º e 4º de Primaria**: banda deseñada, poemas, contos ou relatos, ata un máximo de 2 folios. Se van acompañados de ilustracións, empregaranse para as mesmas os folios oficiais.

-Alumnado de **5º e 6º de Primaria**: banda deseñada, poemas, contos ou relatos, ata un máximo de 2 folios. Se van acompañados de ilustracións, empregaranse para as mesmas os folios oficiais.

-Alumando da **ESO, Educación para Adultos e Bacharelato**:

a. Banda deseñada, poemas, relatos ou ensaios de ata un máximo de 2 folios.

b. Categoría de FOTOS e VÍDEOS, de configuración libre sobre a temáticas proposta.

NON importa forma e tamaño nin dispositivo dende o que se realice (cámara, tablet, teléfono).

-Alumnado **diagnosticado con Necesidades Educativas Especiais**: debuxos, contos, relatos, ensaios, poemas, fotos ou vídeos que deberán vir acompañados dunha pequena explicación da obra e da situación e realidade do alumnado, que o xurado deberá ter en conta para unha mellor interpretación e valoración dos traballos presentados.

### **3. Presentación:**

a. **Debuxos e banda desñada**: nos folios oficiais. Deberán levar unha pequena explicación na parte posterior.

b. Contos: folios din A4, letra times new roman 12 a dobre espazo. (As ilustracións nos folios oficiais).

c. Relatos, ensaios ou poemas: folios din A4, letra times new roman 12 a dobre espazo. (No caso de achegar portada ou ilustración, faranse nos folios oficiais).

d. As fotos e os vídeos (máximo 3 min.) deberán ir acompañadas dunha explicación das imaxes: protagonistas, lugar, acción ou feitos que se contan ou denuncian...

e. As obras deberán ir asinadas cun pseudónimo e indicarse o centro escolar do alumnado.

#### 4. Prazo e lugar de presentación:

As obras recibidas ata o luns **25 de maio**, nas seguintes Bibliotecas:

- CEIP Padre Crespo de Xunqueira de Ambía e Biblioteca do Concello
- CEIP Padre Feijoo de Allariz, IES de Allariz e Biblioteca do Concello
- No seguinte enderezo electrónico: [ceip.padre.crespo@edu.xunta.gal](mailto:ceip.padre.crespo@edu.xunta.gal)
- Por correo ordinario ao enderezo:

CEIP Padre Crespo - Estrada de Maceda s/n

32670 Xunqueira de Ambía – Ourense

#### 5. Premios

##### - Infantil

- 1º premio: bono de 50€ para material escolar, xogo didáctico e lote de libros.
- 3 finalistas: bono de 30€ para material escolar, xogo didáctico e lote de libros.

##### - 1º e 2º de Primaria

- 1º premio: bono de 50€ para material escolar, xogo didáctico e lote de libros.
- 2 finalistas: bono de 30€ para material escolar, xogo didáctico e lote de libros.

##### - 3º e 4º de Primaria

- 1º premio: bono de 50€ para material escolar, xogo didáctico e lote de libros.
- 2 finalistas: bono de 30€ para material escolar, xogo didáctico e lote de libros.

##### - 5º e 6º de Primaria

- 1º premio: mini tablet, bono de 50€ para material escolar e lote de libros.
- 2 finalistas: bono de 30€ para material escolar, xogo didáctico e lote de libros.

##### - Alumnado diagnosticado con Necesidades Educativas Especiais

- 1º premio: bono de 50€ para material escolar, xogo didáctico e lote de libros.
- 3 finalistas: bono de 30€ para material escolar, xogo didáctico e lote de libros.

##### - 1º Ciclo Secundaria:

- 1º premio: dispositivo electrónico para escoitar música, bono de 50€ para material escolar e lote de libros.
- Finalista: dispositivo electrónico para escoitar música, bono de 30€ para material escolar e lote de libros.

##### - 2º Ciclo Secundaria:

- 1º premio: dispositivo electrónico para escoitar música, bono de 50€ para material escolar e lote de libros.
- Finalista: dispositivo electrónico para escoitar música, bono de 30 € para material escolar e lote de libros.

- Educación Secundaria de Adultos (ESA):

- 1º premio: dispositivo electrónico para escoitar música, bono de 50€ para material escolar e lote de libros.
- Finalista: dispositivo electrónico para escoitar música, bono de 30 € para material escolar e lote de libros.

- Bacharelato

- 1º premio: dispositivo electrónico para escoitar música, bono de 50€ para material escolar e lote de libros.
- Finalista: dispositivo electrónico para escoitar música, bono de 30 € para material escolar e lote de libros.

- Categoría Fotos e vídeos

- 1º premio: dispositivo electrónico para escoitar música, bono de 50€ para material escolar e lote de libros.
- Finalista: dispositivo electrónico para escoitar música, bono de 30 € para material escolar e lote de libros.

6. Comporán o **xurado** as persoas responsables das Bibliotecas dos Concellos de Xunqueira de Ambía e Allariz e das Bibliotecas Escolares dos Centros educativos de diferentes localidades da provincia así coma membros do equipo de profesorado dos mesmos.

7. O **fallo do xurado** farase público o mércores 27 de maio.

8. O xurado resérvase o dereito de admisión daquelas obras que poidan atentar contra a intimidade ou imaxe de terceiros ou conter comentarios e expresións inapropiadas.

## 9. ENTREGA DE PREMIOS E ACTIVIDADES CULTURAIS.

A entrega de premios e actividades culturais asociadas que normalmente terán lugar o **venres 29 de maio** na Colexiata de Santa María en Xunqueira de Ambía.

10. As obras poderán ser publicadas ben a través dos blogs e páxinas web dos centros educativos ou ben editadas en formato papel.

11. A participación neste concurso implica a aceptación das presentes bases.

**Entidades colaboradoras:** Concello de Xunqueira de Ambía, Editorial Galaxia, Librarías Aira das Letras e Punto e Aparte de Allariz, as Bibliotecas dos Centros Escolares e dos Concellos de Xunqueira de Ambía e Allariz.